



Maxestade, autoridades, secretario xeral e directores do Instituto Cervantes. Convidados e convidadas todas.

Tócame a min, como alcalde de Santiago, darlles a benvida a esta, a nosa cidade. Compostela é un punto de encontro, a capital de Galiza, a urbe ao redor da cal se ten construído o noso país. Compostela é un símbolo que ten desbordado as nosas fronteiras, xa non é só nosa, dos galegos e das galegas, senón que é un referente xa de carácter mundial. Non dubido que a universalidade da nosa cidade teña sido un dos argumentos de peso para que hoxe esteamos a celebrar este importante encontro en Santiago. Non dubido, tamén, que a cidade os recibira de brazos abertos e coa súa tradicional e inmensa hospitalidade. Benvidos e benvidas á nosa casa, que, por descontado poden considerala, desde xa, tamén a súa casa.

E permítanme que inicie estas breves palabras de benvida, ademais, na lingua propia da nosa cidade, mais que non é a única. Santiago é todos os días unha mistura de culturas e falas. Unha urbe que vive o seu día a día asentada na multiculturalidade, e que se beneficia dunha diversidade e dunha pluralidade que a enriquecen enormemente. O galego, a lingua propia da Galiza, é irmá do castellano, ambas son hoxe linguas de uso xeral en Compostela, convivindo con múltiples fonéticas chegadas de numerosísimas procedencias. Porque Santiago é un destino. É punto de chegada. É lugar de encontro. Hoxe tamén para todas e todos vostedes.

Los santiagueses y santiaguesas, familiarmente conocidos como picheiros y picheiras, nos sentimos muy cómodos con ese rol de anfitriones. La nuestra es una ciudad pequeña pero que concentra muchos tesoros, y no hablamos sólo del imponente legado construido de nuestra ciudad vieja, no es sólo nuestro carácter amable y conciliador, no es sólo nuestro humor y retranca, no es sólo nuestra gastronomía,... es mucho más. Permítanme aconsejarles, fíjense en los pequeños detalles. Fíjense en esas muestras de autenticidad que sólo podrán encontrar en Compostela.

Recorran nuestras rúas y prazas, aquelas por las que paseó uno de los más grandes autores de la literatura en castellano como fue Ramón María del Valle-Inclán, asiduo de las tertulias del Café Derby y homenajeado hoy en nuestro parque de la Alameda y otros puntos de la ciudad. Disfruten de las calles y paisajes urbanos en los que transcurrió gran parte de la vida de Rosalía de Castro, autora que supo inmortalizar el genio creador gallego, como ninguna otra, mujer rebelde, que supo traducir al lenguaje literario el alma de todo un país. Que supo denunciar las injusticias sociales y de género. Haciéndolo en ambas lenguas, además.

Y aunque hoy brille el sol, no se olviden de la lluvia. Tengan presente que la belleza y monumentalidad de nuestra ciudad se multiplica cuando esta aparece. Imagínenselo. Imagínense la piedra mojada. ¿Y quién sabe si también terminarán enamorándose de o en Compostela? Tal y como ya le aconteció a García Lorca. Un amor que encendió algunos de los más bellos versos que le hayan dedicado nunca a una ciudad, a nuestra Compostela:

Chove en Santiago
meu doce amor
camelia branca do ar
brila entebrecida ao sol.

Chove en Santiago
na noite escura
herbas de prata e sono
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pola rúa
laio de pedra e cristal.
Olla no vento esvaído
soma de cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol
agoa da mañan anterga
trema no meu corazón.

Versos de Federico escritos en gallego.
Con su figura en la memoria y su poesía siempre presente les damos la bienvenida.

Benvidos e benvidas á cidade de Santiago de Compostela, patrimonio da humanidade.